



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Fisioterapia na diversidade funcional

Materia	Fisioterapia na diversidade funcional			
Código	P05G171V01311			
Titulación	Grao en Fisioterapia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Mollinedo Cardalda, Irimia			
Profesorado	Mollinedo Cardalda, Irimia			
Correo-e	imollinedo@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta é unha materia optativa de segundo cuadrimestre de terceiro curso que está centrada na diversidade funcional e especialmente no proceso do envellecemento. En diversidade funcional, o fisioterapeuta debe valorar ao seu paciente identificando aqueles aspectos que merecen especial intervención para manter a maior independencia posible. Finalmente, a reeducación psicomotriz pode ser unha abordaxe moi interesante en pacientes con diversidade funcional pois permite un enfoque centrado nos principais aspectos da psicomotricidade: área motora, cognitiva e socioafectiva.			

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código				
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo			
B1	Saber traballar en equipos profesionais como unidade básica na que os profesionais e demais persoal das organizacións sanitarias estrutúranse dun xeito uni ou multidisciplinar e interdisciplinar.			
B2	Incorporar os principios éticos e legais da profesión á práctica profesional e integrar aspectos sociais e comunitarios na toma de decisións.			
B3	Comunicarse de xeito efectivo e claro, tanto de forma oral como escrita, cos usuarios do sistema sanitario así como con outros profesionais.			
C3	Identificar os factores psicolóxicos e sociais que inflúen no estado de saúde ou enfermidade das persoas, familias e comunidade.			
C9	Coñecer a fisiopatoloxía das enfermidades identificando as manifestacións que aparecen ao longo del proceso, así como os tratamentos médico-quirúrxicos, fundamentalmente nos seus aspectos fisioterapéuticos e ortopédicos. Identificar os trocos producidos como consecuencia da intervención da fisioterapia. Fomentar a participación do usuario e familia no seu proceso de recuperación.			
C13	Ter a capacidade de valorar desde la perspectiva da fisioterapia o estado funcional do paciente/usuario, considerando os aspectos físicos, psicolóxicos e sociais do mesmo.			
C16	Analizar, programar e aplicar o movemento como medida terapéutica, promovendo a participación do paciente/usuario no seu proceso.			
C38	Intervir nos ámbitos de promoción, prevención, protección e recuperación da saúde.			
D1	Capacidade para comunicarse oralmente e por escrito en lingua galega.			
D3	Recoñecemento á diversidade e á multiculturalidade			

## Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Definir o concepto de diversidade funcional, ademais do seu contexto actual na sociedade.	A2	B3	C9 D3 C13	

Describir e proceso natural de envellecemento e as distintas situacións patolóxicas que concorren con esa etapa da vida.	A2	B3	C3 C9 C13	D1 D3
Describir as principais abordaxes de fisioterapia para a intervención con pacientes con algún tipo de diversidade funcional ou situación de dependencia.	A2	B1 B3	C3 C9 C13 C16	D1 D3
Describir e diferenciar os principais recursos de axuda técnica dispoñibles para persoas con distintos graos de dependencia e diversidade funcional para facilitar as súas tarefas diarias, profesionais ou deportivas.	A2	B1 B2 B3	C3 C9 C13	D1 D3
Describir e demostrar como avaliar o estado funcional e intervir cun programa de reeducación psicomotriz en poboación maior.	A2	B1 B2 B3	C3 C9 C13 C16 C38	D1 D3
Realizar, expor e defender un traballo en grupo ou individual acerca dun tema relacionado cos contidos da materia.	A2	B1 B2 B3	C9 C13 C16 C38	D1 D3

### Contidos

Tema	
Diversidade funcional.	Afondar no concepto da diversidade funcional e o seu contexto actual.
Proceso de envellecemento.	Coñecer os cambios fisiolóxicos e morfolóxicos que experimentan os diferentes sistemas orgánicos e como estes cambios poden conducir a diferentes procesos patolóxicos e diminución funcional.
Avaliación funcional na diversidade funcional	Coñecer e practicar coas principais ferramentas destinadas a definir o estado funcional dos pacientes de cara a planexar unha intervención baseada nos programas de reeducación psicomotriz.
Fisioterapia na diversidade funcional, dependencia e saúde mental.	Coñecer como a fisioterapia pode ter un papel fundamental en promover a independencia de pacientes con diversidade funcional, situación de dependencia (e cos seus familiares) e afectación mental.
Programas de reeducación psicomotriz.	Coñecer e practicar como estruturar diferentes sesións de reeducación psicomotriz en diferentes poboacións tendo en conta a área motora, cognitiva e psicoafectiva da reeducación psicomotriz.

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	1	2
Traballo tutelado	2	2	4
Lección maxistral	22	40	62
Prácticas de laboratorio	16	30	46
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	8	9
Simulación ou Role Playing	0	12	12
Traballo	0	10	10
Exame de preguntas obxectivas	0.5	4	4.5
Resolución de problemas e/ou exercicios	0.5	0	0.5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

Descrición
Actividades introdutorias A coordinadora da materia explicará os puntos a ter en conta referentes ao temario da materia e os seus docentes responsables, a forma de avaliación a levar a cabo e como estarán estruturadas as clases teóricas e prácticas da materia, ademais do traballo en grupo ou individual que se debe realizar. Explicará tamén a proposta de programación de clases a levar a cabo durante o cuadrimestre ben como as datas de realización dos exames. Finalmente, explicará as obrigacións docentes do alumnado para o desenvolvemento da materia.

Traballo tutelado	Desenvolvemento dun traballo teórico/práctico sobre unha temática relacionada cos contidos da materia. Os grupos de traballo determinaranse por temática ao principio do cuadrimestre pola coordinadora da materia. Existe a posibilidade de que o traballo se desenvolva de forma individual (avaliación global). O traballo constará dunha primeira parte onde se fará unha revisión da literatura científica sobre o tema acordado (entregarase unha pequena parte escrita) e unha segunda parte onde levarase a cabo un vídeo tutorial (relacionado co tema do traballo). Farase un seguimento individual de cada integrante do grupo (si o traballo é en grupo) pois as notas estableceranse de forma individual. Os prazos de entrega do traballo e presentación (a través da plataforma Moovi) publicaranse a principio do cuadrimestre na plataforma virtual Moovi.
Lección maxistral	Nas clases teóricas combinarase a lección maxistral con clases teórico-participativas onde se fomenta e motívese a participación do alumnado. Poderase establecer actividades previas á impartición da clase e a súa entrega a través da plataforma virtual Moovi para a súa posterior discusión durante a clase teórica. Ademais, poderanse levar a cabo, durante as clases, actividades de resolución de problemas, Kahoots e aprendizaxe colaborativo. A criterio dos docentes responsables polos diferetes módulos, poderanse establecer foros de discusión no espazo propio da materia na plataforma de docencia virtual Moovi.
Prácticas de laboratorio	Seguirase unha metodoloxía demostrativa, buscando a integración dos coñecementos teóricos na práctica. A/o alumna/o realizará a práctica, sendo corrixidos pola/o docente e aclarando todas as dúbidas que poidan xurdir. Ademais, expóranse estudos de caso e debates relacionados coa temática das clases.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	A atención personalizada estará centrada en solucionar dúbidas, en orientar o traballo a realizar na materia, e a levar rexistro e valorar o realizado polo alumnado dun mesmo grupo e tamén de forma individual para cada integrante. Poderase facer de forma presencial ou de forma remota a través de Campus Remoto no despacho virtual de cada profesor/a da materia.
Lección maxistral	A atención personalizada estará centrada na solución das dúbidas referentes ao temario teórico que poida ter o alumnado e a orientar os seus esforzos na materia. Poderase facer de forma presencial ou de forma remota a través de Campus Remoto no despacho virtual de cada profesor/a da materia.
Prácticas de laboratorio	A atención personalizada estará centrada na solución das dúbidas referentes ao temario práctico que poida ter o alumnado e a orientar os seus esforzos na materia. Poderase facer de forma presencial ou de forma remota a través de Campus Remoto no despacho virtual de cada profesor/a da materia.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Exame de preguntas de desenvolvemento	Consta de preguntas de desenvolver sobre o temario da materia. Todas as preguntas terán o mesmo valor. O alumnado deberá alcanzar un mínimo de 10 sobre 20 para que a puntuación do exame compute na cualificación final.	20	A2 B1 C3 D1 B2 C9 D3 B3 C13 C16
Simulación ou Role Playing	Entregaranse estas simulacións en formato vídeo. Realizarase en grupos de tres a catro persoas. O alumnado deberá alcanzar un mínimo de 5 sobre 10 para que a puntuación do exame compute na cualificación final.	35	A2 B1 C3 D1 B2 C9 D3 B3 C13 C16 C38
Traballo	A realización do traballo da materia e telo superado é obrigatorio para superar a materia. O traballo considerase superado si alcanza, polo menos, 10 puntos sobre 20 puntos. O traballo será entregado en soporte dixital empregando a plataforma virtual Moovi. Este traballo é grupal.	20	A2 B1 C9 D1 B2 C13 D3 B3 C16 C38
Exame de preguntas obxectivas	Consta de preguntas tipo test de 4 opcións de resposta sobre o temario da materia. O alumnado deberá alcanzar un mínimo de 5 sobre 10 para que a puntuación do exame compute na cualificación final.	15	A2 B1 C3 D1 B2 C9 D3 B3 C13 C16
Resolución de problemas e/ou exercicios	Resolución de problemas ou exercicios durante algunhas das clases teóricas	10	A2 B1 C3 D1 B2 C9 D3 B3 C13 C16 C38

### Outros comentarios sobre a Avaliación

### **Avaliación Continua:**

O alumnado deberá acudir ao 80% das sesións teóricas e 80% das sesións prácticas. Ninguna falta que non se adhira ao establecido no artigo 15 do actual regulamento considerarase xustificada.

Realización de **exercicios interactivos en grupo** durante algunhas clases teóricas a través da app Kahoot, onde se concederán puntos da nota final en función da cualificación na devandita actividade. Ademais realizaranse debates e resolución de problemas.

É obrigatorio superar o traballo cun 5 sobre 10, para aprobar a materia. O resto das partes, se non alcanzan o 5 sobre 10 non computan na calificación final, pero non é un criterio para suspender a materia. Si na suma final das partes, o/a alumno/a non alcanza os 5 puntos sobre 10, irá a avaliación extraordinaria.

### **Avaliación Global:**

O alumnado que non queira acollerse a avaliación continua debrá notificalo por escrito seguindo o procedemento que estableza a Facultade de Fisioterapia. A renuncia a avaliación continua debe realizarse na 5ª semana de docencia, o que supón, que asumirá a avaliación global establecida na materia. Unha vez renunciada a avaliación continua non se tendrá en conta o dereito a mesma, nin as condicións que se establezan nela.

A modalidade global consta de:

- Realización dun exame de preguntas de desenvolvemento. Consta de preguntas de desenvolver sobre o temario da materia. Todas as preguntas terán o mesmo valor. Este exame supón o 50% da nota final. Resultados de formación e aprendizaxe: A2, B1,B2, B3, C3, C9, C13, C16, D1, D2.
- Simulación ou Role Playing. Exame práctico onde o alumnado contesta dun modo práctico diferentes preguntas. Estes supostos prácticos son elixidos ao azar. Para poder realizar o exame práctico, o/a alumno/a debe presentarse primeiro ao teórico. Este exame supón o 35% da nota final. Resultados de formación e aprendizaxe: A2, B1,B2, B3, C3, C9, C13, C16, C38, D1, D2.
- A realización do traballo da materia e telo superado é obrigatorio para superar a materia. O traballo considerarase superado si alcanza, polo menos 5 puntos sobre 10. O traballo será entregado en soporte dixital empregando a plataforma virtual Moovi. Este traballo é individual e supón o 15% da nota final. Resultados de formación e aprendizaxe: A2, B1,B2, B3, C9, C13, C16, C38, D1, D2.

Non alcanzar os 5 puntos sobre 10 en cada unha das partes, implica ter esa parte suspensa e a súa recuperación na avaliación extraordinaria.

### **Avaliación Extraordinaria:**

Para o alumnado que non alcance o 5 sobre 10 puntos na calificación final da avaliación continua (so se gardará a nota do traballo si este está superado). Para o alumnado da avaliación global gardaranse as partes que foron superadas cun 5 sobre 10 puntos.

Esta modalidade constará de:

- Realización dun exame de preguntas de desenvolvemento. Consta de preguntas de desenvolver sobre o temario da materia. Todas as preguntas terán o mesmo valor. Este exame supón o 50% da nota final. Resultados de formación e aprendizaxe: A2, B1,B2, B3, C3, C9, C13, C16, D1, D2.
- Simulación ou Role Playing. Exame práctico onde o alumnado contesta dun modo práctico diferentes preguntas. Estes supostos prácticos son elixidos ao azar. Para poder realizar o exame práctico, o/a alumno/a debe presentarse primeiro ao teórico. Este exame supón o 35% da nota final. Resultados de formación e aprendizaxe: A2, B1,B2, B3, C3, C9, C13, C16, C38, D1, D2.
- A realización do traballo da materia e telo superado é obrigatorio para superar a materia. O traballo considerarase superado si alcanza, polo menos 5 puntos sobre 10. O traballo será entregado en soporte dixital empregando a plataforma virtual Moovi. Este traballo é individual e supón o 15% da nota final. Resultados de formación e aprendizaxe: A2, B1,B2, B3, C9, C13, C16, C38, D1, D2

É preciso superar tódalas partes, cun 5 sobre 10 puntas para superar a materia.

A Guía Docente seguirá o [REGULAMENTO SOBRE A AVALIACIÓN, A CALIFICACIÓN E A CALIDADE DA DOCENCIA E DO PROCESO DE APRENDIZAXE DO ESTUDANTADO](#) (Aprobado no claustro do 18 de abril de 2023), así como as adaptacións específicas para o Grado en Fisioterapia determinadas na Xunta de Centro.

---

## **Bibliografía. Fuentes de información**

---

### **Bibliografía Básica**

Delgado-Ojeda & Castillo-Montes, **Rehabilitación y fisioterapia en geriatría**, 2016

Quirós-Aragón, **Psicomotricidad Guía de evaluación e intervención**, 2012

Millán-Calenti, **Gerontología y geriatría : valoración e intervención**, 2010

Organización Mundial de la Salud, **Clasificación Internacional del Funcionamiento, de la Discapacidad y de la Salud**, 2001

### **Bibliografía Complementaria**

Osorio-Rivera et al, **Efectos de un programa de actividad física integral sobre la motricidad gruesa de niños y niñas con diversidad funcional**, 2019

Fennely et al, **Patient-reported outcome measures in advanced musculoskeletal physiotherapy practice: a systematic review**, 2018

Mani et al, **Validity and reliability of Internet-based physiotherapy assessment for musculoskeletal disorders: a systematic review**, 2017

Blanco-Magadán et al, **El Fisioterapeuta en la Educación Inclusiva**, 2017

Brugué, **¿Discapacidad o diversidad funcional?**, 2015

Landinez-Parra et al, **Proceso de envejecimiento, ejercicio y fisioterapia**, 2012

Quinn et al, **Functional assessment in older people**, 2011

Ferreira, **De la minus-valía a la diversidad funcional: un nuevo marco teórico-metodológico**, 2010

Díaz & Ferreira, **DESDE LA DIS-CAPACIDAD HACIA LA DIVERSIDAD FUNCIONAL Un ejercicio de Dis-Normalización**, 2010

Palacios & Romañach, **EL MODELO DE LA DIVERSIDAD: UNA NUEVA VISIÓN DE LA BIOÉTICA DESDE LA PERSPECTIVA DE LAS PERSONAS CON DIVERSIDAD FUNCIONAL (DISCAPACIDAD)**, 2008

Fisioterapia en Movimiento, **Diagnóstico en Fisioterapia Modelo CIF**, 2022

Lazcano, **Clasificación Internacional de la Funcionalidad y de la Discapacidad y de la Salud Explicación y ejemplos**, 2020

Lazcano, **Clasificación Internacional de la Funcionalidad y de la Discapacidad y de la Salud Explicación y ejemplos**, 2020

---

## **Recomendaciones**

---

### **Materias que se recomienda cursar simultáneamente**

Fisioterapia en especialidades clínicas I/P05G171V01308

Fisioterapia en especialidades clínicas II/P05G171V01309

---

### **Materias que se recomienda ter cursado previamente**

Anatomía humana: Anatomía humana/P05G171V01101

Fisiología: Fisiología humana/P05G171V01102

Fisiología: Movimiento funcional en fisioterapia/P05G171V01105

Anatomía humana: Afecciones médicas/P05G171V01201

Anatomía humana: Afecciones quirúrgicas/P05G171V01202

Fisioterapia en trastornos neuromotrices/P05G171V01301

---